



**Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data 06 de marzo de 2020, polo que se aproba a convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro orientadas á construción dun campo de béisbol na cidade de Vigo.**

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

Contribuír ó financiamento dos gastos vinculados coa construción dun campo de béisbol en terreos de titularidade privada propiedade (Ou cunha dispoñibilidade dos terreos mínima de 10 anos dende a data de concesión da subvención) de entidades con sede social na cidade de Vigo que xestionen instalacións deportivas e estean a desenvolver proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo.

**SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 60.000,00 € (Sesenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria:

Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
3420.7800011 “Axuda investimentos instalacións deportivas”	60.000,00 €	2020

**TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.**

Entidades deportivas sen ánimo de lucro con sede social na cidade de Vigo que xestionen instalacións deportivas e estean a desenvolver proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo.

**CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

**QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

**SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

**SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 1 de novembro de 2020 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.